



## Equipo de Dinamización da Lingua Galega

IES San Clemente, Santiago de Compostela (Galicia, España)

[www.ies.sanclemente.net/?p=5324](http://www.ies.sanclemente.net/?p=5324)



Se es artista e docente animámose a inscribirte no grupo de [Artistas enREDados](#) e a participar na exposición titulada [doARTE](#) cunha obra relacionada **coa doazón e o transplante de órganos**, mostrando aspectos tales como a calidade de vida dos pacientes antes e despois do transplante, o acto de doazón, a importancia de que a familia coñeza a vontade do doador, o carné de doador, etc.

Envíanos á dirección [edlg@ies.sanclemente.net](mailto:edlg@ies.sanclemente.net) até o **26 de abril de 2015**, unha fotografía (ou fotografía do teu debuxo, pintura ou mural, escultura ou outro obxecto artístico) con suficiente resolución para imprimila a cor en formato **A3**, preferentemente en **vertical**.

Acompáñaa cun texto co nome da obra e/ou explicación, reflexión, etc. Tamén podes enviar un enlace a un pequeno vídeo relacionado coa túa obra.

Non esquezas asinar a túa imaxe (con © Nome Apelido, país, ano de realización) nun lugar discreto pero visible.

As obras recibidas imprimiranse e, ademais, expoñeranse para celebrar a Semana da Educación Artística en maio de 2015, na cidade de Santiago de Compostela (Galicia, España). Os artistas recibirán un certificado de participación. Tamén editaremos un catálogo da exposición con ISBN, en galego.

Os artistas deben incluír no corpo da mensaxe do seu envío:

1. Datos da obra: título da obra, características (data de realización, tamaño real, técnica emplegada).
2. Breve texto explicativo, poema ou reflexión para acompañar a devandita imaxe.
3. Datos persoais do autor: nome e apelidos, centro de traballo, cidade, país, email, dirección postal e enlace ao perfil de [arteweb.ning.com](#)
4. Autorización para que a obra se imprima, se inclúa en catálogo, espazo web, exposición virtual e real dentro do contexto do Proxecto Exposiciones enREDadas coordinado por Anxos Saura(UAM: PR-007)
5. Autorización para que os textos dos puntos 1 e 2 sexan traducidos e publicados en galego.

O coordinador do EDLG  
Marcos Vence Ruibal